

ACTIVIDADE EMPRESARIAL

1. Número de empresas por condición xurídica e sede social. Ano 2008
2. Número de empresas por estrato de asalariados e sede social. Ano 2008
3. Número de empresas por actividade principal e sede social. Ano 2008
4. Número de unidades locais por actividade principal. Ano 2008
5. Sociedades mercantís constituídas. Ano 2008
6. Sociedades mercantís disoltas. Ano 2008
7. Sociedades mercantís que amplían o seu capital. Ano 2008
8. Efectos de comercio vencidos. Ano 2008
9. Efectos de comercio non pagados. Ano 2008



Empresas e establecementos

Empresa

Unidade xurídica que lles proporciona cobertura legal ás actividades que se realizan nun ou varios locais. As unidades xurídicas poden ser persoas físicas ou persoas xurídicas con existencia legal independente da dos seus propietarios.

Actividade económica

Creación de valor engadido mediante a utilización de capital, materias primas e traballo para a produción de bens e servizos.

Persoal asalariado

Número de persoas que, na data de referencia, participan na actividade económica da empresa a cambio dunha remuneración en metálico ou en especie ou dunha participación nos beneficios empresariais.

Sociedade anónima

É aquela entidade na que o capital, que está dividido en accións, está integrado polas contribucións dos socios, os cales non responden persoalmente das débedas sociais. O capital social non pode ser inferior a 60.101 euros.

Sociedade de responsabilidade limitada

É aquela entidade na que o capital, que está dividido en participacións sociais, está integrado polas contribucións de todos os socios, os cales non responden persoalmente das débedas sociais. O capital non poderá ser inferior a 3.005 euros e dende a súa orixe está totalmente desembolsado.

Sociedade comanditaria

É aquela entidade formada por dúas clases de socios: colectivos e comanditarios.

Os socios comanditarios responden limitadamente nas débedas sociais só co importe que puxeron na sociedade; os socios colectivos responden, persoal e ilimitadamente, co seu propio patrimonio fronte ás débedas sociais.

Sociedade colectiva

É aquela entidade na que os socios, en nome colectivo e baixo unha razón social, se comprometen a participar, na proporción que establezan, dos mesmos dereitos e obrigas, a responder subsidiaria, persoal, solidaria e ilimitadamente con todos os seus bens das resultas das operacións sociais. Para a súa constitución é preciso a escritura pública, a inscrición no rexistro mercantil, a declaración censual e a obtención do CIF. Con respecto ao capital non existe nin máximo nin mínimo legal.

Sociedade cooperativa

É aquela entidade con capital variable e con estrutura e xestión democráticas que asocia, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, a persoas con intereses e necesidades socioeconómicas comúns. Esta sociedade desenvolve actividades profesionais ao servizo da comunidade para satisfacer estes intereses e necesidades comúns, impútanselles aos socios, unha vez atendidos os fondos comunitarios, os resultados económicos en función da actividade cooperativizada.

Unidade local

Empresa ou parte dela (taller, fábrica, oficina, mina, depósito...) situada nun lugar no que se realizan actividades económicas baixo a responsabilidade do seu titular. A unidade local, segundo o regulamento comunitario relativo ás unidades estatísticas de observación e análise, pode agrupar actividades auxiliares exclusivamente. Polo tanto, as sedes sociais ou os domicilios legais dos titulares das empresas serían unidades locais, aínda no caso de que existan unicamente como soporte xurídico das actividades. A unidade local así definida non coincide, xa que logo, coa clásica de “establecemento”. O establecemento sería unha unidade local na que estarían vencellados de modo inequívoco actividade e territorio. Poderíase entender un establecemento como unha unidade local “con local”, fronte a unidade local “sen local” propia das actividades de profesionais ou colectivos con forte presenza de minifundismo empresarial, actividades que non se exercen nun lugar fixo e que, en moitos casos, teñen o domicilio particular como único referente estable para a organización da produción.

Sociedades mercantís

Sociedade mercantil

Contrato de compañía polo cal dúas ou máis persoas se obrigan a poñer en fondo común bens ou industria para obter lucro calquera que fose a súa clase, sempre que se constituíse segundo as disposicións do Código de comercio. Unha vez constituída a compañía mercantil, terá personalidade xurídica en todos os seus actos e contratos. Por norma xeral, as sociedades mercantís constitúense adoptando algunha das formas seguintes:

- Sociedade anónima
- Sociedade de responsabilidade limitada
- Sociedade colectiva
- Sociedade comanditaria, simple ou por accións

Sociedades creadas

Son aquelas que están inscritas no rexistro mercantil no mes de referencia, independentemente da data na que comezaron a realizar operacións mercantís.

Modificacións de capital

Considéranse modificacións de capital ao seu aumento ou redución e á emisión de obrigacións.

Efectos de comercio devoltos sen pagar

Efectos de comercio en carteira

Efectos ou outros documentos negociados a clientes que fosen creados para mobilizar o prezo das operacións de compravenda de bens ou prestacións de servizos, librados ou endosados á orde da entidade, e os efectos que fosen redescontados en firme a outras entidades.

Inclúense as cantidades entregadas a conta ou con garantía destes e os anticipos sobre certificacións de obra.

Os efectos de comercio en carteira con vencemento no mes de referencia corresponden á parte da rúbrica 4.1.1. “Efectos comerciais e anticipos do activo de balance reservado” da Circular 4/1991, do Banco de España, con vencemento no mes de referencia.



Os efectos de comercio en carteira non pagados no mes de referencia corresponden á parte da rúbrica 4.1.1 “Efectos comerciais e anticipos”, que resulte devolta por falta de pagamento no mes de referencia.

Efectos de comercio recibidos en xestión de cobro de clientes

Efectos recibidos de clientes para a xestión do seu cobro.

Os efectos de comercio recibidos en xestión de cobro de clientes con vencemento no mes de referencia corresponden á parte da rúbrica 5.2. “Efectos condicionais e outros valores recibidos en comisión de cobro das contas de orde do Estado M.1” da Circular 4/1999, do Banco de España; que corresponda a efectos recibidos en xestión de cobro de clientes con vencemento no mes de referencia.

Os efectos de comercio recibidos en xestión de cobro de clientes non pagados no mes de referencia corresponden á parte da rúbrica 5.2. “Efectos condicionais e outros valores recibidos en comisión de cobro” mencionada no parágrafo anterior, que resulte devolta por falta de pagamento no mes de referencia.

1

NÚMERO DE EMPRESAS POR CONDICIÓN XURÍDICA E SEDE SOCIAL. ANO 2008

	Galicia					Fóra de Galicia	Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total		
Persoas físicas	52.352	16.588	15.199	39.615	123.754	973	124.727
Sociedades anónimas	1.663	302	454	1.533	3.952	1.926	5.878
Sociedades de responsabilidade limitada	25.573	6.723	6.812	25.708	64.816	2.110	66.926
Sociedades cooperativas	395	169	111	287	962	21	983
Outra	7.637	2.136	1.744	5.118	16.635	378	17.013
Total	87.620	25.918	24.320	72.261	210.119	5.408	215.527

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2008.

Nota: non se inclúen as empresas con actividade principal pertencente ás seccións A, O, T e U da CNAE-09.

2

NÚMERO DE EMPRESAS POR ESTRATO DE ASALARIADOS E SEDE SOCIAL. ANO 2008

	Galicia					Fóra de Galicia	Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total		
Sen asalariados	54.396	15.197	15.039	41.457	126.089	2.272	128.361
De 1 a 5 asalariados	25.657	8.598	7.478	23.589	65.322	1.576	66.898
De 6 a 9 asalariados	3.230	1.007	827	3.100	8.164	461	8.625
De 10 a 19 asalariados	2.329	666	560	2.261	5.816	384	6.200
De 20 a 49 asalariados	1.424	352	303	1.371	3.450	344	3.794
De 50 a 99 asalariados	354	67	75	312	808	166	974
De 100 a máis asalariados	230	31	38	171	470	205	675
Total	87.620	25.918	24.320	72.261	210.119	5.408	215.527

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2008.

Nota: non se inclúen as empresas con actividade principal pertencente ás seccións A, O, T e U da CNAE-09.

NÚMERO DE EMPRESAS POR ACTIVIDADE PRINCIPAL E SEDE SOCIAL. ANO 2008

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	Fóra de Galicia
Industria	6.304	2.083	2.398	5.724	16.509	433
B Industrias extractivas	70	93	98	197	458	25
C Industria manufacturera	5.990	1.892	2.175	5.373	15.430	325
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	142	76	100	85	403	53
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	102	22	25	69	218	30
Construción	15.518	4.765	5.260	13.047	38.590	887
F Construción	15.518	4.765	5.260	13.047	38.590	887
Servizos	65.798	19.070	16.662	53.490	155.020	4.088
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	22.454	7.224	6.409	20.602	56.689	1.679
H Transporte e almacenamento	5.182	2.169	1.392	4.522	13.265	261
I Hostalaría	9.541	2.870	2.792	7.348	22.551	236
J Información e comunicacións	982	133	137	721	1.973	134
K Actividades financeiras e de seguros	1.621	457	415	1.218	3.711	213
L Actividades inmobiliarias	1.570	363	265	1.336	3.534	105
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	10.057	2.374	2.073	6.984	21.488	536
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	3.742	726	652	3.059	8.179	489
P Educación	1.702	419	403	1.256	3.780	89
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	3.045	741	680	2.106	6.572	139
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1.826	411	357	1.305	3.899	60
S Outros servizos	4.076	1.183	1.087	3.033	9.379	147
Total	87.620	25.918	24.320	72.261	210.119	5.408

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2008.

Nota: non se inclúen as empresas con actividade principal pertencente ás seccións A, O, T e U da CNAE-09.

4

NÚMERO DE UNIDADES LOCAIS POR ACTIVIDADE PRINCIPAL. ANO 2008

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Industria	18.618	7.151	2.500	2.706	6.261
B Industrias extractivas	595	93	144	139	219
C Industria manufacturera	16.906	6.621	2.138	2.352	5.795
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	709	247	167	163	132
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	408	190	51	52	115
Construción	41.419	16.920	5.240	5.469	13.790
F Construción	41.419	16.920	5.240	5.469	13.790
Servizos	182.774	77.887	22.971	19.649	62.267
G Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	70.735	28.448	9.193	8.001	25.093
H Transporte e almacenamento	14.178	5.481	2.400	1.464	4.833
I Hostalaría	24.922	10.590	3.239	3.016	8.077
J Información e comunicacións	2.360	1.194	169	160	837
K Actividades financeiras e de seguros	6.912	2.946	876	865	2.225
L Actividades inmobiliarias	4.052	1.824	419	295	1.514
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	23.188	10.801	2.622	2.250	7.515
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	9.754	4.512	871	786	3.585
P Educación	4.419	1.995	513	448	1.463
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	7.416	3.423	876	758	2.359
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4.405	2.126	466	394	1.419
S Outros servizos	10.433	4.547	1.327	1.212	3.347
Total	242.811	101.958	30.711	27.824	82.318

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2008.

Nota: non se inclúen as empresas con actividade principal pertencente ás seccións A, O, T e U da CNAE-09.

5

SOCIEDADES MERCANTÍLS CONSTITUÍDAS. AÑO 2008

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de sociedades						
Total	103.565	5.425	2.120	685	481	2.139
Anónimas	1.299	67	27	2	11	27
Limitadas	102.247	5.358	2.093	683	470	2.112
Otras	19	0	0	0	0	0
Capital suscrito (miles de euros)						
Total	8.046.962	807.615	389.729	17.317	22.573	377.997
Anónimas	1.933.695	252.608	15.074	128	10.118	227.288
Limitadas	6.111.600	555.007	374.654	17.189	12.455	150.709
Otras	1.666	0	0	0	0	0

Fonte: INE. Estadística de sociedades mercantiles. Extraído de <http://www.ine.es> [14 de xuño, 2010].

6

SOCIEDADES MERCANTÍLS DISOLTAS. AÑO 2008

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de sociedades						
Total	16.222	1.022	400	110	94	418
Voluntaria	13.209	850	340	106	75	329
Por fusión	2.065	108	45	4	14	45
Otras	948	64	15	0	5	44

Fonte: INE. Estadística de sociedades mercantiles. Extraído de <http://www.ine.es> [14 de xuño, 2010].

7

SOCIEDADES MERCANTÍLS QUE AMPLÍAN O SEU CAPITAL. AÑO 2008

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de sociedades						
Total	44.206	2.070	822	228	215	805
Anónimas	4.185	142	53	11	20	58
Limitadas	40.011	1.928	769	217	195	747
Otras	10	0	0	0	0	0
Capital suscrito (miles de euros)						
Total	49.099.425	956.260	519.705	72.616	55.145	308.794
Anónimas	21.259.119	201.771	104.365	12.442	14.766	70.198
Limitadas	27.835.703	754.488	415.339	60.174	40.379	238.596
Otras	4.603	0	0	0	0	0

Fonte: INE. Estadística de sociedades mercantiles. Extraído de <http://www.ine.es> [14 de xuño, 2010].

8

EFFECTOS DE COMERCIO VENCIDOS. AÑO 2008

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
En carteira						
Número	106.753.924	6.158.856	2.608.911	537.901	593.524	2.418.520
Importe (miles de euros)	319.161.761	19.763.028	8.347.918	1.416.948	1.663.673	8.334.488
En xestión de cobro de clientes						
Número	29.807.748	621.670	366.165	40.715	47.329	167.461
Importe (miles de euros)	70.713.357	1.367.830	769.332	56.801	83.011	458.686

Fonte: INE. Estadística de efectos de comercio devueltos impagados. Extraído de <http://www.ine.es> [14 de xuño, 2010].

Nota: compútanse os efectos de comercio que vencen no mes de referencia.

9

EFFECTOS DE COMERCIO NON PAGADOS. AÑO 2008

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
En carteira						
Número	5.662.363	253.175	103.204	20.063	26.673	103.235
Importe (miles de euros)	18.880.548	915.235	378.756	62.455	70.637	403.387
En xestión de cobro de clientes						
Número	1.119.404	20.182	10.842	1.083	1.882	6.375
Importe (miles de euros)	2.276.980	34.695	16.852	1.849	3.192	12.803

Fonte: INE. Estadística de efectos de comercio devueltos impagados. Extraído de <http://www.ine.es> [14 de xuño, 2010].

Nota: compútanse os efectos de comercio que tendo vencido se teña coñecemento do seu impago no mes de referencia.